


# Unidade 6 - Repaso

## O corpo humano



<b>Curar</b>	Recuperar a saúde cando se está enfermo.
<b>Enfermidade</b>	Cando unha parte ou función do corpo non está ben.
<b>Epidemia</b>	Enfermidade que se propaga rapidamente.
<b>Contaxioso/a</b>	Que se propaga facilmente.
<b>Sistema inmunolóxico</b>	Todo aquilo do corpo humano que axuda a non coller enfermidades.
<b>Resistente</b>	Que aguanta ou tolera.
<b>Infectar</b>	Invadir un ser vivo e medrar nel.
<b>Mozo/a</b>	Persoa que pasou a adolescencia.
<b>Adolescente</b>	Persoa que está entre a infancia e a mocidade.
<b>Vacina</b>	Substancia con microorganismos que preveñen enfermidades infecciosas.

## Unha biografía: Antonia Ferrín

### RESUMO

Antonia Ferrín foi unha ourensá que se converteu na primeira profesora de Matemáticas na Universidade de Santiago de Compostela e tamén foi a primeira astrónoma galega.

Conseguiu grandes logros nunha época en que as mulleres non tiñan fácil acceso a certos ámbitos como o estudantil ou o científico.

### PALABRAS DIFÍCILES

recursos, legado, licenciada, tese, corpo celeste

## Unha entrevista

Nunha **entrevista** participan dúas persoas: o **entrevistador** e o **entrevistado**.

Para realizar unha entrevista é importante preparala ben. Para iso hai que:

1. **Investigar** sobre a persoa ou sobre o campo polo que é coñecida.
2. **Preparar boas preguntas**, que poidan ser interesantes para nós e para outros. Hai que ser coidadosos para **que non sexan ofensivas**. É **mellor se non son preguntas cerradas** que se contesten soamente con si ou non.
3. É moi importante facer un **saúdo inicial** e unha **breve presentación** antes da entrevista, e unha **despedida ou peche**.



## Elementos da comunicación

A **comunicación** consiste en transmitir e recibir información.

### Tipos de comunicación

**Oral:** cando falamos, cantamos...

**Escrita:** nunha nota ou papel, mensaxe de teléfono...

**Xestual:** mediante acenos coas mans, cos ollos...

**Por imaxes ou símbolos:** sinais de tráfico, emoticonas...

Na comunicación interveñen **cinco elementos**:

**Mensaxe:** información que se transmite.

**Emisor:** quen transmite a mensaxe.

**Receptor:** quen recibe a mensaxe.

**Canle:** o medio por onde se transmite a mensaxe.

**Código:** sistema de signos para comunicarse.



## Palabras con ll/i

En galego hai só unhas poucas palabras que conteñen **y**.

O **y** é unha letra allea ao alfabeto galego, pero aparece nos dicionarios nalguns estranxeirismos.

*hóckey, rally*

Escribimos con **i** as palabras que teñen un son semellante ao **y**:

*iate, iogur, ioiío, raia...*

As palabras que se escriben con **ll** soan diferente das que se escriben con **i**.

*faio – fallo*

## Os verbos regulares e irregulares

### • Verbos regulares

- Manteñen a súa raíz en todas as formas.

*canto, cantas, cantei*

- Utilizan as mesmas desinencias que os verbos modelo de cada conxugación.

*cantei saltei*

*cantas saltas*

*cantou saltou*

### • Verbos irregulares

- Varían tanto a súa raíz como as súas desinencias.

*caibo, cabes, coubo*

*imos, foron, vou*

*vexo, viron, vimos*

## O recurso literario da comparación

A **comparación ou símil** é o recurso literario que relaciona dous elementos mediante algunha característica común. En lugar de comparalos, identifícaos, coma se fosen o mesmo.

*Doce coma o mel*

Nas comparacións adoitan utilizarse expresións coma estas:

- *como*
- *coma*
- *parece*
- *similar a*
- *semella*
- *tan... como*



## Escribir unha autobiografía

Para escribir unha **autobiografía**:

1. Escribe unha **liña do tempo** cos acontecementos e datas máis importantes.
2. Redacta en **primeira persoa** e usa un tempo verbal en **pasado** (tamén pode empregarse o **presente histórico**).
3. Utiliza un **estilo subxectivo**, introducindo na narración as túas emocións e impresións.
4. Podes incluír información sobre ti, a túa familia e amigos, os teus estudos, a túa infancia, os teus gustos e afeccións, as persoas importantes para ti e as experiencias que che deixaron marca.